

## O BNG denuncia unha trama organizada nas adxudicacións de obra pública do Concello de Xinzo

Antonio Pérez optou por darlle continuidade á tradicional política caciquil do PP asentando o seu poder e influencia na colocación de afíns e no reparto da obra pública.

**Xinzo da Limia, 3 de febreiro de 2014.** Logo de revisar todas as adxudicacións de obra pública dos últimos tres anos de goberno do Sr. Pérez hai elementos suficientes para denunciar a existencia dunha **trama organizada e “legal” cun modus operandi concreto, definido e sistemático** encamiñado a que empresas moi determinadas obteñan a execución das obras do Concello, **en prexuízo do resto de empresas que poderían estar interesadas en optar ás mesmas e de todos os veciños e veciñas de Xinzo** que non se ven beneficiados dos probábeis aforros nos custos que unha concorrència competitiva podería producir.

Realizada a análise detallada dunha trintena de adxudicacións de obras e traballos efectuadas polo Concello de Xinzo no período 2010–2013 poden tirarse as seguintes conclusións:

- Na práctica totalidade dos casos as fórmulas legais empregadas son as de “Contrato Menor” ou “Procedemento Negociado sen Publicidade”, que **permite adxudicar as obras sen concurso, sen anuncios públicos e escollendo discrecionalmente ás empresas** que van a optar a realizalas.
- En función do tipo de obra **obsérvase que as empresas convidadas son sempre as mesmas** e constátase na maioría dos casos relacións evidentes entre elas.
- Nestes procedementos **o criterio fundamental para decidir a adxudicación é o prezo ofertado** xunto coas variantes sobre o proxecto en forma de melloras.
- Os resultados son idénticos: ofertas coordinadas entre os concursantes que conducen a que **a empresa designada consiga a obra, limitándose as que a acompañan a cubrir o expediente** para darlle ao proceso unha aparencia de legalidade.
- **Ao non existir unha competencia real as obras adxudícanse exactamente polos importes de licitación** sen rebaixas nin melloras significativas nas condicións.
- Todo isto **contrasta coas escasas adxudicacións realizadas mediante “Procedemento Aberto”, nas que a concorrència das empresas é máis numerosa e as gañadoras ofertan condicións moito máis vantaxosas** que producen aforros importantes.

**O máximo responsábel deste xeito negligente de xestionar os intereses municipais é o Alcalde coa connivencia de toda a Xunta de Goberno**, que é o órgano que legalmente detenta a competencia para realizar as adxudicacións. Ambos deberían asumir as súas responsabilidades diante dos veciños e veciñas e renunciar de xeito inmediato e irrevogábel aos seus cargos.

En todo caso o BNG vai seguir investigando as obras realizadas nos últimos anos e non descartamos acudir á Fiscalía para que entre a investigar as irregularidades detectadas.

